

TEMA 15. A REVOLUCIÓN GLORIOSA E A CONSTITUCIÓN DE 1869

A **Revolución Gloriosa** foi o nome dado á sublevación militar e popular de 1868 contra **Isabel II**, logrando a expulsión desta e o inicio do período coñecido como **Sexenio Democrático (1868-74)**, así chamado por aplicarse algunhas das ideas que defendía o liberalismo democrático.

O reinado de **Isabel II**, comezou á morte de seu pai **Fernando VII** en **1833**, cando ela tiña apenas 3 anos, polo que o seu reinado adoita dividirse basicamente en dous períodos:

- **1833-43** ou “**minoría de idade**”, no que a **Rexencia** foi asumida pola súa nai (**M^aCristina**) e despois polo xeneral **Espartero** (1840-1843), quen gañara un enorme prestixio ao acabar gañando para **Isabel** a **Primeira Guerra Carlista**.

- **1843-68** ou “**reinado efectivo**”, que comezou ao subila as Cortes ao trono con só 13 anos, e que adoitamos dividir á súa vez en **tres etapas**, nas que o seu favoritismo por gobernar cos moderados foi sempre unha constante:

- **1844-54** ou **Década Moderada**, así chamada porque a raíña mantivo sempre no Goberno ao **Partido Moderado** (do xeneral **Narváez**) sen que os progresistas tivesen oportunidade algunha de acceder ao poder.

- **1854-56** ou **Bienio Progresista**, que comezou tras o pronunciamento militar de “**La Vicalvarada**” por parte do xeneral **O'Donnell**, e que obrigou a **Isabel** a dar paso a un goberno progresista, con **Espartero** á fronte, no que se aprobou a **Desamortización Xeral de Madoz** e a **Lei dos Ferrocarrís**; pero que acabaría só dous anos despois, co propio **O'Donnell** rebelándose ata lograr que **Isabel** destitúa a **Espartero** e o nomee a el novo Presidente.

- **1856-68** ou **Gobernos de Unión Liberal e crise final do reinado**, na que **Isabel II** mantivo no goberno a **Unión Liberal***, o partido de **O'Donnell**, alternándoo co **Partido Moderado** do xeneral **Narváez**, cada vez máis autoritario. Isto convenceu aos progresistas de que a súa única opción era xa a sublevación.

En definitiva, durante este longo reinado, foron formándose varios **problemas graves**:

1. A preferencia descarada da raíña por chamar aos liberais moderados para gobernar.
2. Que eran gobernos dirixidos por espadóns (militares de prestixio metidos a política: **Espartero**, **Narváez**, **O'Donnell**), tendentes a ser autoritarios e represivos.
3. Un profundo malestar social, pola mala situación económica (malas colleitas, tardía revolución industrial, crise financeira) pero tamén pola escasa participación cidadá (sufraxio censatario).
4. E a escandalosa vida privada da raíña (12 embarazos, ningún do seu marido), moi parodiada na época, por exemplo na satírica e irreverente publicación **Borbones en pelota**, atribuída aos irmáns **Bécquer**; ao que tamén se sumaba o moi manipulada que estaba pola súa camarilla de palacio.

Estes problemas foron unindo á oposición (**Partido Progresista** e **Partido Democrático**) que, dirixidos desde o exilio polo xeneral **Prim**, asinaron en Bélxica o **Pacto de Ostende** en **1866**. Neste pacto acordaban unir as súas forzas para conseguir expulsar á raíña **Isabel II**, elixir por **Sufraxio universal (masculino)** unhas **Cortes Constituíntes**, para facer unha nova Constitución, e decidir entre monarquía ou república como forma de goberno.

A este pacto uniuse tamén máis tarde a **Unión Liberal***, o partido de **O'Donnell**. Tan só dous anos despois, estas forzas e xecutaron o acordado mediante a **Revolución de 1868**, tamén chamada “**Gloriosa**” ou “**Setembrina**” (porque tivo lugar en setembro). A revolución iniciouse co pronunciamento en Cádiz dos xenerais **Topete**, **Serrano** e **Prim**, pero tamén co apoio da poboación, que se organizou enseguida en xuntas revolucionarias, que provincia a provincia fan sumándose á revolución iniciada en Cádiz,

reclamando dereitos e liberdades en liña co liberalismo democrático, como:

- Soberanía nacional e sufraxio universal masculino;
- Liberdade de prensa, de ensino, de asociación e de culto;
- Ou abolición de impostos e eliminación da redención de quintas (pagos para librar do servizo militar), etc.

Ao berro de “*España con honra*” e “*Abajo los Borbones*”, e sen apenas oposición, tras derrotar ao exército de **Isabel II** na batalla da **ponte de Alcolea** (sobre o río Guadalquivir), logrando expulsar do trono a **Isabel**, que marchou ao exilio en Francia o 30 de setembro. Comezaba así unha nova etapa na que o liberalismo iría un paso máis aló: o **Sexenio Democrático**.

Créase a partir dese momento un **Goberno Provisional** (co xeneral **Serrano** á fronte), formado por unha mestura de progresistas, demócratas e membros do **Unión Liberal**, que comeza numerosas reformas e convoca eleccións a **Cortes Constituíntes**, xa con **sufraxio universal masculino** (ata entón sempre fora censatario!).

Unha vez elixidas, as **Cortes**, segundo o acordado no **Pacto de Ostende**, debían:

- Escoller o sistema de goberno que tería España (gañaron os partidarios da monarquía).
- E comezar a redacción dunha nova **Constitución**. Xorde así a **Constitución de 1869**, que recollía as ideas do liberalismo democrático, sendo a máis liberal das promulgadas ata entón en España, e das máis adiantadas de Europa:

-Monarquía como forma de Estado, pero limitando o poder do rei en relación ao das Cortes;

-Soberanía nacional;

-Separación de poderes;

-Estado aconfesional, con liberdade de cultos;

-E recoñecemento de dereitos e liberdades moi amplos para a poboación, como sufraxio universal masculino, libre expresión, libre reunión e libre asociación, ... que eran a primeira vez que se aprobaban como dereito!, o que marcou por exemplo un antes e un despois nas posibilidades de loita do movemento obreiro.

Tan só faltaba un rei, e obviamente non podía ser un **Borbón**. Co xeneral **Serrano** actuando mentres como **Rexente**, iníciase a procura dun rei con estes requisitos: liberal (para aceptar a constitución), católico (como os españois) e aceptado en Europa.

O xeneral **Prim** logrou convencer ás Cortes para que votasen maioritariamente por **Amadeo de Saboya**, quedando a **República Federal** como segunda opción máis votada (outras foron o duque de **Montpensier**, cuñado de **Isabel II**, ou o propio **Espartero**). **Amadeo**, fillo do rei de Italia, aceptou, comezando así a “monarquía democrática” de **Amadeo I**.

Pero desde o 1º momento, atopouse con dificultades varias que o acabaría levando a renunciar:

1. O asasinato do seu principal valedor, **Prim**, xusto antes de chegar a España.
2. A **falta xeral de apoio**: do pobo (que vía nel un estranxeiro e o apodou don Macarrone I); da nobreza, de isabelinos e carlistas (porque non era un Borbón); da Igrexa (por liberal); e por suposto tamén dos republicanos (que non querían un rei).
3. As **guerras do momento**: de independencia en Cuba e a 3ª guerra carlista.
4. E sobre todo a **inestabilidade do goberno de coalición** (progresistas, demócratas e unionistas gobernaban xuntos) con continuas disputas: 3 eleccións e 6 gobernos diferentes en apenas 2 anos.

Así, o **11 de febreiro de 1873**, apenas 2 anos despois da súa chegada, renunciou ao trono para sempre cunha carta á nación, que foi lida nas Cortes, e na que se queixaba das continuas guerras (Cuba e Carlista) pero sobre todo da falta de entendemento entre os partidos, que facían ingobernable o país.

Tras esta renuncia, e coa república como 2ª opción máis votada cando elixiran a **Amadeo**, esa mesma tarde do 11 de febreiro de 1873, Congreso e Senado proclaman a **República**. Esta **I República** será tamén curta (<2 anos) e moi inestable (4 presidentes en 11 meses), con varios conflitos armados (guerra carlista, guerra de Cuba, rebelión cantonal), e que rematará en **decembro'1874** cun pronunciamento de **Martínez Campos** a favor dos **Borbón**. Así rematará o **Sexenio Democrático** iniciado en 1868... comezando a **Restauración Borbónica**.